

## LISTA DE ASISTENTES

Alonso Vega, María Flora  
Bravo Bernárdez, Jorge  
Fernández Fernández, Federico A.  
Fernández Iglesias, Manuel  
González Santamaría, Pedro  
Pena Uris, Gloria M.  
Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz  
Zas Varela, Mónica  
**DESCULPA ASISTENCIA**  
Cebro Barreiro, Sabela  
Martínez Martín, M<sup>a</sup> José  
Mejuto Fernández, Juan Carlos

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 16 de abril de dous mil quince, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda nas salas de videoconferencia.

O día **16 de abril de 2015** ás 10:30h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 18 de decembro de 2014.

O presidente da Comisión cede a palabra á secretaria, quen indica que non se teñen presentado alegacións á acta, e ao non haber ningunha por parte dos presentes, apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Aprobación, se procede, do Regulamento para elixir a representación do estudantado e do persoal de administración e servizos no Comité de dirección da Escola Internacional de Doutoramento.

O presidente expón que a proposta de Regulamento conta co informe favorable da Asesoría Xurídica, polo que, axustándose á legalidade, preséntase diante da Comisión Electoral para a súa aprobación. Pregunta se algún membro da Comisión quere facer algún comentario. Toma a palabra a profesora dona Beatriz Vaquero, quen pregunta polo artigo 5, no seu punto 2 que indica *Se algún ou algunha representante perdese a condición de estudante, poderá ser substituído pola persoa suplente que corresponda segundo se describe no artigo 7.6;* e polo artigo 9.4, que di *Se nalgún sector houberse unha única persoa candidata, a Comisión Electoral poderá declarar concluído o proceso electoral nese sector.* Pregunta pola necesidade deses “poderá”, se se deben a unha cuestión de prudencia. Responde o presidente da Comisión indicando que, en efecto, trátase dunha cuestión de prudencia, que dada a dificultade de que se cubran as prazas dos estudantes, propónse que os candidatos non elixidos queden como suplentes para poder cubrir as baixas que se produzan, para que non queden como noutros casos vacantes os postos dos alumnos, téndose que convocar continuamente a elección deses postos.

En relación ao comentado pola profesora sobre o artigo 9, indica que hai unha razón para que se deixe á prerrogativa da Comisión Electoral a posibilidade de declarar por concluído o proceso, pero que nese momento non recorda cal.

Apróbase por asentimento.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, do calendario para as eleccións do Comité de dirección da Escola Internacional de Doutoramento.

Explica o director que cos documentos enviados coa convocatoria achegouse o calendario do proceso electoral do Comité de dirección da EIDO, que é o que se debe aprobar neste punto, pero que non se enviou o calendario correspondente ás xuntanzas da Comisión Electoral. Cede o presidente a palabra á

secretaría xeral, quen explica que as datas están moi axustadas para cumprir cos prazos requiridos. Entre os distintos fitos débense inserir as xuntanzas da Comisión, intentando reducilas ao menor número posible. Dá lectura á proposta destas xuntanzas, así como dos temas que deben ser tratados en cada unha delas. Indica que este calendario será enviado aos membros por correo electrónico. Explica a secretaría que, para a xuntanza proposta o día 13 de maio na que se debería resolver ás reclamacións a proclamación provisional de candidaturas e realizar a proclamación definitiva de candidaturas, non se ten a garantía de poder contar co apoio técnico para a realización de videoconferencia dende Vigo. Explica que os técnicos teñen a totalidade da xornada ocupada cun acto do 25 aniversario da Universidade. A data non pode cambiarse, xa que o día 12 pecha o prazo de reclamacións ás candidaturas provisionais, e o 14 hai que realizar a proclamación definitiva de candidaturas. Indica que vai verificar se hai algunha hora na que se puidese dispor dos técnicos para realizala como vén sendo habitual ou, de non ser posible, buscaríase unha alternativa, para facela presencial ou por outra vía.

Tras estas aclaracións, insiste o presidente en que o calendario que debe aprobarse é o electoral e que o das xuntanzas remitirase por correo.

Apróbase por asentimento.

#### **Punto 4.** Asuntos varios.

Informa o presidente de que, o día 13 de abril, recibíuse a dilixencia de ordenación do Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 2 de Vigo declarando a firmeza do Auto de 10/03/15, que inadmitía o recurso sobre a papeleta de elección de reitor, dada a non interposición de recurso polas partes. Este acto pecha a vía xudicial, indica o presidente, e cede a palabra á secretaría xeral para que indique se queda algunha vía administrativa. Explica a secretaría que, en efecto, queda a posibilidade dunha revisión de oficio dos actos administrativos, posibilidade que deixaba aberta o avogado do reclamante. Nembargante, confíase en que non se presente, dado o tempo pasado e o resultado da vía xudicial.

Pregunta o Sr. Federico Fernández se se vai realizar algún tipo de comunicación, xa que aínda hai persoas que preguntan acerca de esta reclamación. Responde a secretaría indicando que se dará traslado aos órganos colexiados, pero que non se valora a posibilidade de comunicalo abertamente a toda a comunidade. Confirma este punto o presidente, que recalca que a primeira comunicación oficial é a que se realiza nesta Comisión, e posteriormente incluírase no informe do reitor ao Consello de Goberno e Claustro.

#### **Punto 5.** Rolda libre de intervencións.

Dona Mónica Zas pregunta se na Secretaría Xeral se recibiu algunha consulta en relación da representatividade dos profesores asociados elixidos para órganos colexiados, que está a ser cuestionada nalgunha facultade por mor da ausencia de contrato en agosto. Tamén pregunta se a situación vai ser regulada.

Responde a secretaría xeral indicando que houbo unha chamada telefónica ao respecto e pediuse que se realizara por escrito, ata o de agora non se recibiu. Engade que a posible regulamentación está á espera da resolución en vía xudicial das reclamacións presentadas. Xa hai unha sentenza pero presentárase recurso, polo haberá que agardar á finalización do proceso.

Toma a palabra D. Pedro González, quen afirma que esta situación lle parece un atentado contra a representatividade democrática e que a sentenza que hai ata o de agora apunta no sentido da posibilidade dun fraude de lei na non contratación dos asociados en agosto. Indica que ademais de no tema económico ten repercusión na representatividade, o que lle parece máis grave. É un problema causado pola propia Universidade e, na súa opinión, ten fácil solución.

Intervén a secretaria xeral para indicar que non quere entrar no tema político que hai detrás destas consideracións, pero é certo que ata onde ela sabe, xa que este tema non se leva na Secretaría Xeral, a sentenza reconece o dereito dos profesores ao goce das vacacións en agosto, pero que se presentará un recurso, polo que cómpre agardar ao remate desta vía. Dun xeito ou outro será solucionado.

O profesor Pedro González reitera a dispoñibilidade dos representantes do colectivo de profesores asociados para que se resolva este problema, que tiveron que acudir aos tribunais porque esgotaran as outras vías.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:50h do día 16 de abril de 2015, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria M<sup>a</sup> Pena Uris